

# China e Cuba: Medio século de relacións de amizade e cooperación

*Xu Shicheng*

O pasado 28 de setembro de 2011 cumpriuse o 51º aniversario do establecemento de relacións diplomáticas entre a República Popular da China (RPCH) e a República de Cuba. En xeral, ao longo de medio século, as relacións de amizade e cooperación entre a China e Cuba veñen desenvolvéndose en forma continua, a pesar de ter un período sinuoso.

Desde o triunfo da Revolución Cubana de 1959, as relacións entre a China e Cuba pasaron por tres períodos principais: no período inicial de 1959 a 1965, as relacións bilaterais desenvolvéronse felizmente. No segundo período, comprendido de 1965 á segunda metade da década de 1980, xurdiu un *zigzag* no proceso do desenvolvemento das relacións bilaterais. O terceiro e actual período, comprendido na segunda metade da década de 1980 até o presente, as relacións bilaterais desenvólvense con rapidez e, na actualidade, atópanse no seu mellor momento histórico.

## **Cuba, pioneiro latinoamericano en establecer relacións diplomáticas coa RPCH**

O 1 de xaneiro de 1959, o pobo cubano derrotou a ditadura de Fulgencio Batista e conquistou a vitoria da revolución. A China valorou altamente a Revolución Cubana e profesoulle grande simpatía e apoio. Por tanto, o goberno revolucionario de Cuba tomou a iniciativa de desenvolver activamente as súas relacións coa RPCH.

Deste xeito, fai 51 anos, o 2 de setembro de 1960, durante o grande mitin convocado na Praza da Revolución da Habana (entón denominada Praza da República), o líder da revolución cubana, Fidel Castro, expresou dun xeito moi singular o propósito de establecer relacións diplomáticas coa China. Fidel preguntou subitamente en voz alta ás masas concentradas: *“O Goberno Revolucionario de Cuba desexa consultar co pobo se quere establecer relacións diplomáticas coa República Popular da China”*. Preto dun millón de cidadáns levantaron no alto as súas mans e contestaron de forma unánime con voces estarecedoras: *“Si, si”*. Acto seguido, con brazo dereito alzado, Fidel proclamou: *“Polo tanto, a Asemblea Xeral Nacional do Pobo de Cuba ratifica a súa política de amizade con todos os pobos do mundo, reafirma o seu propósito de establecer relacións diplomáticas tamén con todos os países socialistas e, desde este instante, en uso da súa soberana e libre vontade, expresa ao goberno da República Popular da China que acorda establecer relacións diplomáticas entre ambos os países e que, polo tanto, fican*